

O teatro foro como instrumento para a educación social na escola



REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 64-67

Ramón Molina Gómez

Educador Social. Arelar Xestión Socioeducativa

rmolina@arelar.es

Educación social e escola son un binomio con claras interdependencias, sobre todo nun contexto no que a escola se atopa ante a esixencia social de lles dar resposta a innumerables retos (conflitividade escolar, integración social e educativa de diversos colectivos, a participación da comunidade educativa...) para os cales non posúe nin os recursos, nin a formación necesaria.

Este punto de partida require sen lugar a dúbida dunha resposta interdisciplinaria, na que a educación social pode achegar novas claves para afrontar con maior eficacia moitos dos retos que teñen ante si a escola e a sociedade do século XXI.

Deste xeito, a educación social ofrécelle un valor engadido á escola, achegando un enfoque interdisciplinario, cun papel imprescindible para fomentar unha escola inclusiva e traballo cara ao éxito educativo. Ademais, dende a educación social achéganse múltiples ferramentas e recursos para a acción educativa.

É neste senso onde o teatro foro constitúe un instrumento de gran potencialidade no contexto escolar e que merece a pena analizar con detenemento.

O teatro foro é unha técnica teatral que xorde dentro do teatro do oprimido, desenvolvido por Augusto Boal (Río de Janeiro, 1931-2009), para lles facer fronte ás opresións e ás estruturas de opresión dende a práctica teatral.

O teatro do oprimido emprega múltiples técnicas para abordar as opresións (teatro imaxe, teatro lexislativo, teatro xornalístico ou teatro invisible), pero é sen dúbida o teatro foro a máis popularizada e estendida pola súa versatilidade e capacidade para incidir na realidade das opresións.

O teatro foro pretende facer protagonista ao público dunha acción dramática concreta, que aborda unha problemática do interese das persoas participantes e que dá forma ás opresións sobre as que se busca actuar. Deste xeito, o público finalmente é quen chega na propia escena as súas diferentes propostas.

ELEMENTOS ESENCIAIS NUN TEATRO FORO

A revisión da proposta de Augusto Boal ao redor dos elementos definitorios do teatro foro (Boal, 2002) e a propia reflexión trala praxe desta ferramenta en proxectos socioeducativos en contextos escolares, permíteme identificar aqueles elementos esenciais no desenvolvemento dun teatro foro:

O punto de partida

A creación dun teatro foro aséntase nunha idea moi sinxela: a creación dunha situación opresiva de cara á aprendizaxe das alternativas para afrontar esa situación e a súa posterior posta en práctica.

A dramaturxia

Na creación dunha peza teatral nun teatro foro debe de prestarse especial atención a perfilar perfectamente os personaxes de cara a unha fácil identificación polo público do seu rol, necesidades, intereses... O traballo de perfilar os personaxes co alumnado nas sesións preparatorias permítelles afondar na xénese da problemática a abordar, establecer preguntas pertinentes sobre as motivacións de cada personaxe e que dimensión queremos que o público descubra por si mesmo.

Así mesmo, a creación dunha peza de teatro foro leva implícita unha resolución errónea nalgún dos seus parámetros, de modo que lle permita ao público procurar solucións ou propostas al-

ternativas ao que amosamos nunha primeira representación.

A posta en escena

Tralo traballo preparatorio previo chega a posta en escena, que ten por obxecto presentar unha realidade determinada a un público para suscitar elementos de reflexión que permitan posteriormente transformar esa realidade.

Por iso, nesta posta en escena, adquire especial importancia a expresión corporal dos diferentes personaxes. Augusto Boal, determina a importancia de *“que tódolos movementos e xestos sexan significantes con significados”* (Boal, 2002:69), co obxecto de transmitir a esencia de cada un dos personaxes da peza, no contexto da problemática social ou educativa a abordar.

Na posta en escena dun teatro foro, o espazo escénico debe de permitir o “contacto” entre público, actrices e actores, creando un clima de proximidade, xa que realmente nun teatro foro, o protagonismo é plenamente compartido. Nos centros educativos existen espazos que permiten esta proximidade sen ter que acudir a salóns de actos ou grandes auditorios.

O momento do “xogo escénico”

Unha vez efectuada esta primeira representación, chega o momento de analizar a realidade presentada e aquí é onde adquiren todo o protagonismo os “espect-actores”, expresión que emprega Boal para definir ao público, como elemento activo e partícipe da representación teatral, na procura de alternativas á opresión representada.

Nesta fase do teatro foro, prodúcese un diálogo cos “espect-actores” na análise da realidade amosada e a presentación de propostas alternativas. Esas novas propostas son levadas á es-

cena co obxecto de mudar a realidade inicial. Cada compoñente do público, efectúa a súa achega, de xeito que entre todos se ofrecen perspectivas que axudan a afrontar a problemática en cuestión.

Ao final deste proceso establécese unha transformación da realidade, entendendo esta como un xeito diferente de abordala con mellores perspectivas para os seus personaxes, o cal non quere dicir que aparezan solucións máxicas, senón que se ofrecen outras alternativas que axudan a actores, actrices e público (alumnado no caso dos centros educativos) a integraren novas estratexias de facer fronte á realidade traballada no teatro foro.

Finalmente, neste “xogo escénico” ten un papel fundamental o que no argot do teatro foro se denomina *curinga* e que fai referencia á persoa facilitadora do diálogo escénico entre a realidade representada inicialmente e o público, favorecendo a súa participación e facilitando a reflexión e análise das diferentes propostas nesa realidade. Na nosa praxe en *Arelar*, esta figura é impulsada por profesionais da educación social, por seren funcións propias deste perfil profesional.

TEATRO FORO, EDUCACIÓN SOCIAL E ESCOLA

Como se pode observar, a estrutura e desenvolvemento dun teatro foro é un instrumento de gran potencialidade educativa para impulsar dende a educación social a abordaxe de diversas problemáticas socioeducativas (a violencia de xénero, o acoso escolar, as drogodependencias, a resolución de conflitos, a realidade LGTB...) dende unha perspectiva proactiva, empoderando as persoas protagonistas dun teatro foro.

Por outra banda, a escola resulta un espazo idóneo para a posta en práctica desta técnica dramática, ao ofrecer múltiples oportunidades:

- As posibilidades da práctica teatral permiten integrar múltiples linguaxes (corporal, emocional, sensorial...)
- A creación dunha peza de teatro foro por parte do alumnado posibilita afondar na xénese desa realidade social a traballar, perfilando personaxes e situacións, xa que este alumnado vai en definitiva construír un recurso educativo para compartir cun público determinado.

Esta dinámica deixa unha fonda pegada en si mesmos, polo proceso vivido.

- O teatro foro constitúe un xeito innovador de achegarse a contidos educativos que teñen unha fonda presenza no currículo: acoso escolar, educación intercultural, convivencia, educación para a saúde... o que permite unha aproximación máis creativa e eminentemente práctica, onde o alumnado é o verdadeiro protagonista de todo o proceso, dende a xénese da realidade inicial ata a representación ante un público e posterior interacción.

A confluencia destes tres elementos permite impulsar proxectos no contexto escolar asentados nas posibilidades educativas do teatro foro.


UN EXEMPLO DA POSTA EN PRÁCTICA DO TEATRO FORO

Dende *Arelar* temos impulsado diversos proxectos socioeducativos centrados na aplicación do teatro foro, tanto en contextos comunitarios coma escolares, adecuando a estrutura do proxecto aos requirimentos de cada contexto.

Un destes exemplos é o proxecto de "Teatro foro para a educación en valores" que a Concellaría de Mocidade do Concello de Santiago está a impulsar neste curso 2017-2018 en fase piloto en tres institutos da cidade (IES Xelmirez I, IES Pontepedriña e IES Xelmirez II), e que permite introducir esta técnica para o traballo educativo con grupos moi diversos e atendendo a aquelas problemáticas socioeducativas que os centros desexen abordar segundo os seus intereses e necesidades (nesta edición abórdanse 4 problemáticas no marco do proxecto: acoso escolar, violencia de xénero, prevención de drogodependencias e ciberacoso).

A execución do proxecto require o desenvolvemento de varias fases que paso a citar brevemente:

- Presentación do proxecto ao profesorado de cada centro: nesta fase establécense centros de interese do centro, determinar a potestade de elixir a liña de traballo (dende o alumnado ou dende o profesorado implicado), e determinar grupos que van a impulsar o proxecto e alumnado receptor das sesións de teatro foro.
- Preparación do teatro foro: Ao longo de 8 sesións de 2 horas, o alumnado traballa conxun-



tamente co educador ou educadora social na creación da peza teatral: identificando os elementos fundamentais que se queren traballar, perfilando personaxes e determinando os "cadros-esena" que se ensaian para a presentación final da peza. Paralelamente, os titores e titoras dos grupos participantes como público, dedican unha sesión a traballar ao redor da temática central do teatro foro e o que significa participar nesta técnica dramática.

- Realización das sesións de teatro foro: unha vez definido o recurso educativo, a súa posta en práctica significa un instrumento para a transformación da realidade vivida por un personaxe a través das achegas reflexionadas e vividas en primeira persoa polo alumnado que, como público ("espect-actor"), toma parte activa na abordaxe e mellora da situación representada.

A diversidade de alumnado participante no proxecto é moi ampla, o cal amosa a versatilidade do teatro foro (alumnado de 1º, 2º, 4º ESO ou FP Básica) sendo adaptable aos diferentes niveis educativos.

130 alumnas e alumnos participan na creación das pezas teatrais para representar ante o alumnado do centro. As diferentes creacións escénicas (6 en total) van chegar a un número importante de alumnado (434), converténdoo nun elemento didáctico atractivo e con gran pegada para o tratamento educativo de cada realidade a traballar en cada teatro foro.

Para a posta en práctica do proxecto existe un minucioso traballo de coordinación entre o profesorado, departamentos de orientación e as e os profesionais da educación social de cara a artellar o proxecto no seu conxunto:

- Delimitación de grupos para a creación da peza de teatro foro.

- Definición de tempos nos que desenvolver as sesións preparatorias previas e os teatro foro con cada grupo.

- Definición dos grupos que participarán como público en cada sesión de teatro foro.

- Elaboración das indicacións didácticas ao profesorado para traballaren a participación do alumnado que participa como público.

A implantación de proxectos coma este amosan tres conclusións esenciais, extensibles á intencionalidade deste artigo:

- O teatro foro é unha ferramenta moi versátil e de gran potencialidade para aplicar nos contextos educativos, se ben é preciso a implicación de tódolos axentes para facilitar a súa inclusión nas dinámicas dos centros educativos.

- O proceso de creación dun teatro foro por parte do alumnado, permítelle a adquisición de múltiples competencias (lingüísticas, culturais, persoais...) pero, sobre todo, convérteos en cidadáns activos e implicados na análise e mellora da realidade sobre a que actuar.

- A realización de cada sesión de teatro foro permítelle ao alumnado vivir en primeira persoa un xeito de aprendizaxe estimulante e motivador, que resulta plenamente satisfactorio ao asumir o rol protagonista na procura de solucións prácticas dunha realidade coa que se identifica plenamente, por ser construída polo propio alumnado.

En definitiva, o teatro foro constitúe unha ferramenta de enormes posibilidades para aplicar dende a educación social nos centros educativos, interconectando as posibilidades do traba-

llo escénico e teatral, a abordaxe de problemáticas socioeducativas de gran interese na escola e unha metodoloxía participativa que empodera o alumnado na creación dun recurso educativo moi atractivo e eficaz para as persoas destinatarias. ■

REFERENCIAS

- BOAL, A. (2002). *Juegos para actores y no actores*. Barcelona: Alba Editorial.
- BOAL, A. (2009). *Teatro del oprimido*. Barcelona: Alba Editorial.
- MOTOS TERUEL, T., TEJEDO F. (2007) *Práctica de dramatización*. Ciudad Real. Editorial Naque.